

Buenos Aires, 10 de Julio de 1965

Sr.D. Ricardo García Suárez

Vigo

Meu querido amigo:

Recibín, fai uns días a monografía de Galaxia, espléndida, agradézoche moito a tua intervención, gustoume moito a tapa e a diagramación tipográfica, pra min é, a millor das que fixéchedes diste carácter. Gustoume tamén moito o texto de García Sabell. Escribinlle hoxe sobre esto a Del Riego. Penso que foi un acerto situar as reproducións no centro do libro separando o texto galego do castelán, e gustoume tamén moito a distribución da tapa e os seus coores. A Del Riego tamén lle escribo sobor da última disposición de Laxeiro. Moi ben, a millor, pra min, de cantas fixo eiquí. Está tendo gran éisito. Traballou moito nos últimos tempos e busca mais atinadamente novas formas e coores. Pola miña parte pinto e grabo. Enviareiche, tan pronto teña por quen, un dos novos grabados meus, un pouco difrentes aos anteriores.

De novo, agradézoche moito canto fixeches por min, e recibide Mimí e ti unha aperta de Maruja e miña. Escribeme algunha vez que teñas folgar. Outra aperta de: